



CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, O CABIDO DO CONXUNTO CATEDRALICIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE DIVERSOS PARAMENTOS E SISTEMAS CONSTRUTIVOS DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, **29 ABR. 2020**

REUNIDOS

Dunha parte,

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, así como o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra,

Segundo Leonardo Pérez López, con número de DNI 33.805.437-Z, na súa condición de Deán da Catedral de Santiago nomeado por decreto do Arcebispo de Santiago de Compostela de 14 de xaneiro de 2015.

E doutra,

Daniel Carlos Lorenzo Santos, co número de DNI 33.262.341-V e enderezo a efectos de notificacións na Rúa do Vilar nº 1, 1º dereita de Santiago de Compostela, na súa calidade de Director Xeral da Fundación Catedral de Santiago de Compostela, segundo o nomeamento efectuado polo Padroado da Fundación na xuntanza de data do 15 de abril de 2011 e a ampliación de facultades outorgada mediante acordo do Padroado adoptado en xuntanza de data 16 de maio de 2011.

As partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

I. Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Que a Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a quen lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción da cultura e dos aspectos vinculados á protección, conservación, difusión, fomento e recuperación do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, así como a elaboración dos anteprojectos normativos que lles afecten.





II. Que a Santa Apostólica y Metropolitana Igrexa Catedral de Santiago de Compostela (en adiante S.A.M.I.), aquí representada polo Cabido Catedralicio, é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular de dous bens incorporados á lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago, do que é meta e obxectivo final da peregrinación.

III. Que a Fundación Catedral de Santiago é unha fundación de carácter privado constituída o 23 de xullo de 2008 e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2008/17, que conta entre os seus fins coa promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, do seu ámbito e do seu patrimonio artístico e cultural; así como a xestión e explotación, para os efectos da súa posta en valor, das infraestruturas da Catedral compostelá, do seu ámbito e do seu patrimonio artístico e cultural.

Que lle corresponde á FUNDACIÓN CATEDRAL, en virtude da encomenda de data 5 de setembro de 2015 realizada polo Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago, a execución das actuacións que se contemplan no Plan Director do Conxunto Catedralicio aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9 de marzo de 2009, incluíndose a xestión e contratación de todas as obras que se realicen consonte o mesmo.

IV. Que a Catedral de Santiago de Compostela foi declarada monumento histórico pola Lei do 22 de agosto de 1896 e que na actualidade ten a a consideración de ben de interese cultural conforme a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

V. Que o Camiño de Santiago, declarado ben de interese cultural polo Decreto 2224/1962, do 5 de setembro, constitúe dende o punto de vista cultural, un dos elementos máis destacados do patrimonio español, europeo e mundial, que encontra a súa fundamentación histórica na tradición que sitúa ao final deste camiño a tumba do Apóstolo Santiago no edículo que deu orixe ao nacemento da Catedral. Interese e valor cultural que transcende o meramente relixioso, pois fundamenta e axuda a construír o concepto cultural europeo, xa que durante séculos foi un eixe fundamental de comunicación e integración entre os países do norte e centro de Europa e o noroeste da Península Ibérica, converténdose nun espazo de intercambio cultural e no primeiro itinerario cultural europeo.

VI. Que a Catedral de Santiago de Compostela é un senlleiro monumento do patrimonio cultural de Galicia, cumio da arte e arquitectura románica, que representa e materializa a meta e o destino final dos camiños de Santiago e polo tanto de centos de miles de peregrinos que co desexo de chegar a ela percorren as rotas de peregrinación xacobeas que desde calquera parte do mundo rematan en Compostela, nas portas da súa catedral. Características que fan do mesmo un elemento único non só do patrimonio cultural galego senón do patrimonio universal.

Ten a consideración de Ben de Interese Cultural, forma parte principal e destacada de dous bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO: a cidade vella de Santiago de Compostela e o Camiño Francés a Santiago de Compostela, recentemente ampliado polas dúas rutas do camiño do Norte recoñecidas pola UNESCO a ruta da costa e a do interior ou Camiño de Oviedo.





VII. Que a Catedral de Santiago de Compostela conta dende o ano 2009 cun Plan Director do Conxunto Catedralicio aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9 de marzo de 2009. Este documento prevé e desenvolve un programa de actuacións dirixidas á conservación, restauración e posta en valor do conxunto catedralicio.

Que o Plan Director do Conxunto Catedralicio inclúe un plan de actuacións programadas e un listado de estudos complementarios que é necesario desenvolver e executar para garantir a correcta e necesaria conservación das fábricas do monumento, a funcionalidade e significación dos seus espazos, os usos culturais e culturais que alberga e a súa posta en valor para garantir a súa axeitada preservación e transmisión ás xeracións vindeiras. As actuacións propostas no devandito Plan Director clasificábanse como actuacións prioritarias, secundarias e de remate.

Dende o ano 2009, o Cabido Catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e o Consorcio de Santiago iniciaron un programa dirixido á atender e desenvolver as actuacións máis necesarias e urxentes de aquelas que se prevían no documento.

Así o día 23 de setembro de 2015 asinou o convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (actualmente Consellería de Cultura e Turismo) o Cabido Catedralicio de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago para o desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e restauración derivadas do Plan Director do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela por un importe total de 17.000.000,00 euros financiados pola Administración Xeral do Estado.

Investimento que viña a complementar outros xa realizados e outros previstos e que agora se atopan en execución financiados e promovidos por distintos ministerios da Administración Xeral do Estado, pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, polo Consorcio de Santiago e pola propia Fundación Catedral.

VIII. Que o completo e ambicioso programa de conservación e restauración do conxunto catedralicio que se está a desenvolver non é suficiente para resolver de forma completa e integral todas e cada unha das actuacións previstas no Plano Director no ano 2009, xa que o proceso de achega científica e técnica ao monumento que permitiron as obras aportaron información moito máis exacta e real do estado de conservación do monumento e ampliou o coñecemento sobre os seus sistemas edilicios e a súa riqueza e alto interese cultural.

Coñecemento que saca á luz novas patoloxías e necesidades do monumento que se xuntan aos normais deterioros consecuencia do paso do tempo, as circunstancias dun inmovible que é obxecto dunha obra practicamente integral desde o ano 2016 e dos efectos da climatoloxía, especialmente dura sufrida polo edificio en obras durante este último inverno.

IX. Que é necesario, por tanto, atender a outros traballos de conservación e reparación de aqueles paramentos e sistemas construtivos que non foron obxecto das intervencións realizadas e que agora presentan un estado de conservación claramente deficiente e supoñen un risco para o correcto funcionamento do inmovible, a axeitada conservación do patrimonio cultural e o correcto comportamento dos elementos, ámbitos e sistemas construtivos e decoracións artísticas restauradas, acadando así os obxectivos fixados.

Na actualidade a Fundación Catedral de Santiago ten rematada ou moi avanzada a redacción dos proxectos de conservación e restauración necesarios para a debida conservación e reparación





dos paramentos e sistemas construtivos que presentan un estado de conservación máis deficiente e aqueles que como consecuencia do seu deterioro é recomendable unha pronta actuación.

En virtude do exposto, a Consellería de Cultura e Turismo, o Cabido Catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, teñen a vontade de establecer o marco da colaboración precisa para a xestión e execución das obras de conservación e restauración sinaladas e derivadas do Plan Director do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela que se sinalan neste instrumento, polo que, considerando a sintonía de obxectivos, conveñen asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a S.A.M.I. catedral de Santiago de Compostela, representada polo Cabido catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago para a xestión e o financiamento das actuacións de conservación e restauración de paramentos e outros sistemas construtivos nos seguintes ámbitos da Catedral de Santiago:

- Fachada á rúa Fonseca do edificio claustral.
- Torre do Reloxo
- Capelas penitenciais (Capela do Pilar, a Blanca e Santa Catalina)
- Capelas absidiais (Capela de Mondragón, San Pedro, O Salvador e San Bartolomé)
- Cuberta da capela da Comunión.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras previstas, van evitar que continúen deteriorándose estes bens e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego. Por outra banda, estas intervencións están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro das medidas *Conservación das catedrais galegas e conservación e posta en valor dos Camiños de Santiago*, do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*.

Segunda: Finalidade

O convenio ten por finalidade garantir a adecuada conservación do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela co fin de manter e promover a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural e poñer en valor, impulsar e acrecentar a súa función cultural e manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen os valores culturais do monumento.

O beneficiario da subvención é a S.A.M.I. Catedral de Santiago, representada polo Cabido Catedralicio.





Porén tamén o é, indirectamente, o patrimonio cultural común das galegas e dos galegos e por extensión de toda a Humanidade ao atender directamente as necesidades de conservación dun monumento que forma parte senlleira do mesmo.

Terceira.- Réxime de subvención

1. O presente convenio articula unha subvención directa concedida ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que o cabido do conxunto catedralicio ostenta as facultades de xestión e administración do Conxunto Catedralicio.

2. A Fundación Catedral de Santiago actúa no presente convenio como entidade colaboradora aos efectos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, encargándose das labores de colaboración na xestión das actuacións nos termos previstos no presente convenio e asumindo expresamente as obrigas sinaladas no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para as ditas entidades colaboradoras:

a) Entregar ao beneficiario as obras finalizadas de acordo cos criterios establecidos no presente convenio.

b) Comprobar, se é o caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

d) Xustificar a aplicación dos fondos percibidos ante a Consellería e, no seu caso, entregar a xustificación correspondente.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar a Consellería, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

3. Como beneficiaria final das obras, a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, representada polo Cabido Catedralicio, deberá realizar un acto expreso de aceptación das mesmas que se formalizará mediante a sinatura dunha acta de aceptación da súa entrega, tendo en conta as condicións de execución das obras, así como o seu destino final aos usos culturais e de culto previstos no presente convenio. As actuacións necesarias para o cumprimento deste requisito correrán a cargo da FUNDACIÓN CATEDRAL, incluíndo a xustificación formal do emprego dos fondos de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.- Réxime de financiamento e gastos subvencionables

As actuacións a desenvolver ao abeiro do presente convenio serán as derivadas dos seguintes proxectos de conservación:





- Proxecto de conservación e restauración da fachada do edificio claustral a rúa Fonseca.
Importe total estimado: 277.192,73 €
- Proxecto de conservación e reparación do eixo do papaventos da Torre do Reloxo.
Importe total estimado: 147.668,40 €
- Proxecto de conservación e reparación de paramentos das capelas penitenciais: Capela do Pilar, capela da Blanca e capela de Santa Catarina.
Importe total estimado: 87.507,20 €
- Proxecto de conservación e reparación de paramentos das capelas absidais: Capela de Mondragón, capela de San Pedro, capela do Salvador e capela de San Bartolomeu.
Importe total estimado: 155.593,67 €
- Proxecto de conservación e reparación da cuberta da Capela da Comunión.
Importe total estimado: 82.038,00 €

O importe da subvención máxima para a execución destas intervencións é de **750.000,00 euros** que será financiada con cargo á aplicación 11.30.433A.781.15, código de proxecto 2015 00695 dos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020.

Este importe máximo da subvención inclúe o custo do presuposto de execución material (PEM) das obras e os gastos relacionados coas mesmas correspondentes aos honorarios técnicos referidos á redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras, gastos xerais e beneficio industrial (estimado nun total do 13% sobre o PEM) e o IVE do 21%.

En todo caso considéranse gastos subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

A Consellería de Cultura e Turismo librará os fondos previstos no presente convenio, a favor da Fundación Catedral de Santiago, antes do 30 de abril de 2020.

A Fundación Catedral de Santiago estará eximida de avalar as cantidades recibidas se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fondos obxecto do presente convenio deberán dedicarse unicamente as actuacións nel previstas, sen que en ningún caso poidan integrarse no patrimonio da Fundación Catedral de Santiago, debendo contabilizarse de forma independente, e xustificarse que cada unha das contías dedícase exclusivamente ás actuacións previstas no presente convenio.

Para tal efecto, os fondos previstos no presente convenio ingresaranse nunha conta restrinxida e específica aberta a nome da Fundación Catedral de Santiago, que requirirá a sinatura mancomunada dunha das persoas designadas pola Consellería de Cultura e Turismo e dunha representante da Fundación Catedral de Santiago, que formen parte da comisión de seguimento.





Quinta.- Réxime da xestión da subvención

A Fundación Catedral de Santiago, como entidade colaboradora, encargárase da licitación e contratación de todas as obras e proxectos incluídos no ámbito deste convenio, e en xeral as actuacións de xestión derivadas do mesmo, se ben estará asistida nas súas funcións por unha comisión executiva e unha comisión de seguimento, previstas nas cláusulas novena e décima que actuarán como órganos de apoio e control, coas funcións previstas neste convenio.

Para a realización das actividades de xestión precisas para a execución do presente convenio, a Fundación Catedral de Santiago actuará de conformidade cos seguintes criterios:

- A redacción dos distintos proxectos de obras poderá realizarse por persoal técnico propio ou alieo á Fundación. Na licitación dos correspondentes proxectos deberá prestarse especial atención ao perfil profesional dos licitadores, que deberán contar coa solvencia técnica e profesional suficiente e con capacidade de destinar equipos con dedicación exclusiva aos proxectos.
- A licitación das distintas obras deberá realizarse pola Fundación Catedral de Santiago mediante procedementos inspirados nos principios de contratación públicos.
- Os criterios que rexerán as licitacións serán acordados previamente pola comisión executiva prevista na cláusula novena. A Consellería de Cultura e Turismo resérvase o dereito a designar un integrante do órgano de selección dos contratistas que se determine.
- No suposto de que, como consecuencia do custe de execución que resulte dos proxectos que se aproben ou da concorrência na licitación das obras, se produzan no seo dos procedementos de contratación adxudicacións por importes inferiores aos orzamentados inicialmente e o importe final das intervencións previstas resulte inferior ao previsto inicialmente, o remanente de fondos dispoñible poderá utilizarse para a realización de novas intervencións ou para modificacións das previstas, sempre no seo das previsións do Plan Director do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela, e sen superar o importe total previsto no presente convenio. As novas intervencións con cargo aos posibles remanentes de fondos ou as eventuais modificacións deberán ser aprobadas pola comisión executiva prevista na cláusula novena, de acordo con criterios técnicos e atendendo á prioridade temporal que para a execución das obras se fixa na cláusula primeira, que contarán coa previa aprobación da Consellería.

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción da calquera outra achega económica para a mesma finalidade, sen que en ningún caso exceda do 100% do importe das actividades subvencionadas.

Para poder proceder ao pago das axudas concedidas por parte da entidade colaboradora será necesario presentar ante a Comisión Executiva, para a súa aprobación, orixinal ou copia compulsada da documentación que a seguir se relaciona.

Unha certificación de obra asinada pola dirección facultativa das obras e a empresa adxudicataria, na que figure a conformidade da entidade beneficiaria, e no seu caso, unha relación clasificada de gastos e investimentos.





- Un informe emitido pola Dirección Facultativa das obras correspondente á obra e período de execución certificado no que se expoña o avance dos traballos e os fitos máis significativos dos mesmos. O proceso de execución certificado documentarase fotograficamente. Incluirá tamén información sobre o grado de cumprimento de prazos e programa de execución así como sobre calquera desvío que se prevea dos mesmos.
- No caso dos pagos correspondentes a contratos de servizos, un informe emitido polos servizos técnicos da Fundación Catedral de Santiago no que se indica a súa conformidade coa actividade ou traballo facturado, indicando que o mesmo se atopa executado e completo.
- As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade beneficiaria, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma

A documentación requirida presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De acordo co establecido no artigo 42 da regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionables, se considerarán efectivamente pagados os gastos cando se xustifique o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificadas, seladas e asinadas polo beneficiario.

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa será ata o 1 de decembro de 2020.

Sexta.- Devolución dos importes non xustificandos

A Fundación Catedral de Santiago asume a obriga de tramitar e comprobar a xustificación do destino dos fondos percibidos ás finalidades previstas no convenio.

No suposto de existir cantidades finalmente non xustificadas, a Fundación Catedral de Santiago deberá proceder á devolución do importe de conformidade co procedemento de reintegro previsto na normativa vixente en materia de subvencións.

Sétima.- Obrigas da Fundación Catedral de Santiago

A Fundación Catedral de Santiago, ademais daquelas derivadas da súa condición de entidade co-laboradora e como competente para a explotación e posta en valor das infraestruturas da catedral, no desenvolvemento do presente convenio asume as seguintes obrigas:

1. Licitar, contratar e recepcionar os proxectos e obras previstos neste convenio.



2. Permitir, ao longo da vixencia do convenio, a entrada do persoal técnico e autoridades que determine a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a vixilancia e visita da execución das obras. Esta habilitación inclúe os técnicos externos que poida contratar a administración.

3. Presentar trimestralmente diante da comisión executiva e da de seguimento, un informe de execución dos proxectos e obras.

4. Presentar trimestralmente un informe financeiro da conta mancomunada, así como doutros gastos nos que teña incurrído a Fundación Catedral vinculados ás actuacións do convenio que non sexan subvencionables.

5. A Xunta de Galicia poderá organizar na Catedral un concerto o ano 2021 ou o ano 2022 en horario que teña en conta a peculiaridade dos distintos tempos litúrxicos e outras celebracións con horario peculiar, se ben a concesión da axuda non queda condicionada á realización do dito concerto. O evento, determinarase – en canto a datas- no último trimestre do ano anterior á programación do mesmo. A selección de obras e a súa interpretación terán que axustarse ás normas canónicas vixentes; as montaxes, medios auxiliares e equipos necesarios para a súa realización deberán instalarse de xeito que non impidan o normal desenvolvemento das actividades culturais e culturais da Catedral, nin dificulten os protocolos de evacuación do inmovible. O acceso de público aos aludidos eventos será gratuíto.

6. Facer constar en toda a publicidade e sinalización que xere a realización das actividades previstas no presente convenio a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo cumprindo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Poderá incluírse a imaxe corporativa da Fundación Catedral e do Cabido Catedralicio de Santiago de Compostela. A relevancia tipográfica dos seus logos non poderá superar, en ningún caso, ao da administración que financia. En ningún caso poderá incluírse na devandita publicidade e sinalización ningunha referencia a patrocinios privados.

Oitava.- Obrigas da Consellería de Cultura e Turismo

1. A Consellería de Cultura e Turismo librará os fondos obxecto do presente convenio á Fundación Catedral, nos termos previstos nas cláusulas cuarta e quinta do convenio.

2. Así mesmo, a Consellería de Cultura e Turismo designará as persoas que a representarán nas comisións executivas e de seguimento que realizarán as funcións de apoio e control previstas nas cláusulas novena e décima.

3. Informar, de conformidade coa normativa de patrimonio cultural, os proxectos técnicos de obra e as súas modificacións, derivados deste convenio.





Novena.- Comisión executiva

Constituirase unha comisión executiva, de carácter paritario entre a Xunta de Galicia e a Fundación Catedral, composta de seis membros que contará con representantes dos distintos órganos implicados na execución das actividades previstas no presente convenio.

Entre as súas funcións estarán as de aprobación dos proxectos técnicos, a autorización previa das licitacións e a aprobación dos pregos administrativos e técnicos que as rexerán, a aprobación do cronograma de licitación das distintas obras previstas, así como as modificacións sobre os proxectos inicialmente previstos e a programación de inclusión de novas intervencións no suposto de existencia de remanentes de fondos dispoñibles como consecuencia das adxudicacións por importe inferior ao orzamento de licitación que se produzan no seo dos procedementos de contratación.

Así mesmo, a comisión executiva realizará unha aprobación inicial, sen prexuízo da necesaria validación de todas as xustificacións pola comisión de seguimento, das liquidacións e certificacións de obra.

O réxime de funcionamento e acordos da comisión axustarase ao previsto no presente convenio, e, no non previsto expresamente, ao establecido na sección 3 do capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na sección 3ª do capítulo I, do título I da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A súa presidencia será exercida por un dos membros designados pola Fundación Catedral de Santiago. En ningún caso o voto da persoa que exerza a presidencia da comisión será dirimente nos supostos de empate nas votacións.

A comisión contará cunha secretaría, que exercerá unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura e Turismo, que non terá a condición de membro do dito órgano, e actuará sen voz e sen voto. A designación da persoa que exerza a secretaría da comisión corresponderá á Consellería de Cultura e Turismo.

A comisión reunirse, como mínimo, unha vez cada trimestre. Sempre que sexa preciso adoptar acordos poderase solicitar a celebración dunha sesión a petición conxunta do superior representante de cada unha das partes.

Décima.- Comisión de seguimento

Co fin de realizar o seguimento e avaliación de resultados, así como para a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión de seguimento, que estará integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Cultura e Turismo e dúas representantes da Fundación Catedral de Santiago, sen que en ningún caso poidan ser designadas representantes desta comisión as mesmas persoas que forman a comisión executiva prevista na cláusula novena.



Sen prexuízo do anterior, salvo imposibilidade xustificada, deberán asistir ás reunións da comisión de seguimento un membro da comisión executiva dos designados pola Fundación Catedral e un membro da mesma dos designados pola administración, ao fin de garantir que a comisión de seguimento conta con toda a información necesaria para adoptar as decisións que en cada momento procedan para o mellor cumprimento do convenio.

Corresponderá á comisión de seguimento a función da aprobación e validación de todas as xustificacións do correcto destino dos fondos, incluíndo a validación das liquidacións e das certificacións de obra aprobadas pola comisión executiva prevista na cláusula novena.

O réxime de funcionamento e acordos da comisión axustarase ao previsto no presente convenio, e, no non previsto expresamente, ao establecido na sección 3 do capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na sección 3ª do capítulo I, do título I da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A súa presidencia será exercida por un dos membros designados pola Fundación Catedral de Santiago. En ningún caso o voto da persoa que exerza a presidencia da comisión será dirimente nos supostos de empate nas votacións.

A comisión contará cunha secretaría, que exercerá unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura e Turismo, que non terá a condición de membro do dito órgano, e actuará sen voz e sen voto. A designación da persoa que exerza a secretaría da comisión corresponderá á Consellería de Cultura e Turismo.

Sen prexuízo do disposto anteriormente deberá remitirse unha copia de todas as actuacións á Consellería de Cultura e Turismo para a comprobación do cumprimento do obxecto do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, as partes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo segunda.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio de colaboración non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Consellería de Cultura e Turismo.

Décimo terceira.- Vixencia do convenio

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2020, e sen prexuízo da posibilidade de prórroga para o completo desenvolvemento dos seus fins, se fora preciso, nos termos e tendo en conta os límites regulados respecto da duración dos convenios, polo artigo 49,h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo quinta.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puiden levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de



Datos (en diante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas física asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sétima. Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais, será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por cuatriplicado exemplar no lugar e data indicados.

Pola Consellería de Cultura e Turismo



Román Rodríguez González

Pola Fundación Catedral de Santiago

Daniel Carlos Lorenzo Santos

Polo Cabido Catedralicio

Segundo Leonardo Pérez López